



Curso "A gamificación como novo recurso na práctica psicolóxica"

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Carlos Montes Piñeiro (G-3367).
Presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.

DURACIÓN

10 horas (4 horas do curso *online* e 6 horas de práctica supervisada).

DATA E HORARIO

O curso desenvolverase entre o 10 de maio e o 10 de xuño en modalidade *online* asíncrona, o que permite realizalo ao ritmo de cada estudante, sen necesidade dun horario fixo.

MODALIDADE

Online. Plataforma Moodle do COPG.

PRAZAS

50.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO)	Gratuíto
Membros da División de Psicología del Trabajo, de las Organizaciones y los Recursos Humanos (PTORH)	Gratuíto
Persoal administrativo do COPG	Gratuíto
Psicólogos/as colexiados/as	50 €

OBXECTIVOS

- Coñecer que é a gamificación e a súa potencial axuda á práctica psicolóxica en calquera ámbito profesional.
- Aprender a deseñar e desenvolver un sistema gamificado ou un *serious game*.



Curso "A gamificación como novo recurso na práctica psicolóxica"

PROGRAMA

Módulo I. Xeral

- Que é gamificación, *serious game*, aprendizaxe baseada en xogos (ABX).
- A inmersión, a diversión, a narrativa e o porqué dos xogos aplicados.

Módulo II. Aplicado

- Os *serious games* na psicoloxía. Base científica. Cambios de conduta. Medicións.
- Potencial: motivación, sensibilización, formación, prevención.

Módulo III. Ferramentas para a práctica

- Como deseñar un *serious game* aplicado á práctica da psicoloxía.
- Como gamificar unha intervención.

Módulo IV. Práctica final (non obrigatoria)

- Deseño dunha solución gamificada, na que cada estudante pode elixir a súa propia temática, obxectivos e usuarios/as.

INSCRIPCIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos da Sección de Psicoloxía das Organizacións e do Traballo e da División de Psicoloxía del Trabajo, de las Organizaciones y los Recursos Humanos, podendo suspenderlo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición. Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais.

Último día de inscrición: 30 de abril de 2021.



Curso "A gamificación como novo recurso na práctica psicolóxica"

TITORIZACIÓN



CARLOS MARTÍNEZ CORRAL (G-5338)

Licenciado en Psicoloxía, especialista en Psicoloxía do Traballo e das Organizacións. Técnico Superior en PRL. Máster en Gamificación y Narrativa Transmedia. Experto Universitario en Psicología del Coaching y Máster en Psicología del Coaching. Formación especializada en resolución de conflitos, negociación, e experiencia da persoa usuaria.

Director de proxectos de GA Consultores, especializado en solucións de aprendizaxe e sensibilización para a seguridade e rendemento de persoas e equipos de traballo.